



## SUBGRUPO A2-TEMA 12-IGUALDADE-GALEGO

### **TEMA 12- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade**

1. Conforme ao disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias é:

- a) Un principio de actuación da comunidade autónoma en materia de igualdade.
- b) Un principio recollido na Constitución española.
- c) Unha medida de acción positiva.

2. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado por:

- a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- b) O Consello Galego das Mulleres.
- c) A Secretaría Xeral de Igualdade.

3. Conforme ao disposto no artigo 2 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, inclúese dentro do concepto de discriminación:

- a) O acoso moral por razón de xénero.
- b) O trato máis favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade.
- c) A orde de non discriminar as persoas por razón do seu sexo.

4. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros sitúan persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo defínese como:

- a) Discriminación directa.
- b) Acoso moral por razón de xénero.
- c) Discriminación indirecta.

5. Conforme ao disposto no artigo 3 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a excepción de boa fe ocupacional aparece recollida en:

- a) A Constitución española.
- b) O Estatuto de autonomía de Galicia.
- c) Unha directiva do Parlamento Europeo.





## SUBGRUPO A2-TEMA 12-IGUALDADE-GALEGO

6. Conforme ao disposto no artigo 4 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para o efecto de promover a igualdade entre mulleres e homes, consideraranse discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e poderase manter, como consecuencia práctica, o mantemento de regulacións separadas:

- a) Nos supostos nos non estean plenamente logrados os obxectivos de igualdade de oportunidades.
- b) En ningún caso.
- c) Unicamente para eliminar as discriminacións entre mulleres e homes.

7. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, adaptar o plan de etapas de aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ás contías orzamentarias anuais consignadas para o seu desenvolvemento nas leis de orzamentos de cada exercicio será obxecto de:

- a) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- b) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

8. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a interlocución coa Xunta de Galicia a través da consellería competente en materia de traballo e do órgano superior da Administración xeral da comunidade autónoma competente en materia de igualdade e propoñer, se é o caso, a adopción de medidas relacionadas coa igualdade de oportunidades no ámbito do emprego e das relacións laborais é unha función que lle corresponderá a:

- a) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- b) A Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- c) O Consello Galego das Mulleres.

9. Segundo o disposto no artigo 11 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto ao masculino constitúe:

- a) Uso sexista da linguaxe.
- b) Uso non sexista da linguaxe.
- c) Discriminación.

10. Conforme ao disposto no artigo 50 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, nos cursos, xornadas ou outras actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega reservarse unha porcentaxe das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria de:

- a) 25 %.
- b) 50 %.
- c) 33 %.





## SUBGRUPO A2-TEMA 12-IGUALDADE-GALEGO

11. Conforme ao disposto no artigo 51 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, cando as probas de promoción interna comprendan a valoración de méritos dos candidatos e candidatas establecerase a favor destes unha puntuación específica que se graduará en función do tempo utilizado no exercicio deses dereitos a aqueles que estean a utilizar ou utilizen unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares:

- a) Nos últimos 5 anos.
- b) Nos últimos 3 anos.
- c) Nos últimos 2 anos.

12. Conforme ao disposto no artigo 54 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as valoracións técnicas de prazas de funcionarios e funcionarias e/ou de postos de traballadores e traballadoras poderanse encargar:

- a) Ao Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.
- b) Ao Consello Galego de Relacións Laborais.
- c) Aos órganos competentes de xestión de recursos humanos da Administración pública galega.

13. Conforme ao disposto no artigo 57 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na declaración de principios para previr o acoso sexual constarán os seguintes extremos:

- a) A publicidade das denuncias formais.
- b) A definición do acoso sexual a través de exemplos de fácil comprensión.
- c) A información da garantía de debida protección de quen denuncie e de quen testifique, en todo caso.

14. Conforme ao disposto no artigo 58 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, sen prexuízo da publicidade adicional que resultase conveniente á finalidade de prevención do acoso sexual, a declaración de principios será publicada:

- a) No taboleiro de anuncios de cada centro de traballo e unidade administrativa.
- b) No *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Na páxina web da consellería.

15. Conforme ao disposto no artigo 59 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para a tramitación do procedemento informal de solución, a dirección de persoal de cada unidade administrativa ou de cada centro de traballo, tras a audiencia da representación legal de persoal ao seu mando, designará un asesor ou asesora confidencial:

- a) En todo caso unha muller.
- b) Preferiblemente unha muller.
- c) Un representante do sindicato máis representativo da devandita unidade.





## SUBGRUPO A2-TEMA 12-IGUALDADE-GALEGO

16. Conforme ao disposto no artigo 61 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para sancionar o acoso sexual, se resultase acreditado logo da tramitación do procedemento disciplinario contra a persoa denunciada, imponse a esta, conforme á gravidade do feito e demais circunstancias concorrentes, a sanción grave ou moi grave, en atención ao principio de:

- a) Igualdade.
- b) Proporcionalidade.
- c) Erradicación do acoso moral por razón de xénero.

17. Conforme ao disposto no artigo 61 de Decreto legislativo 2/2015, de 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a chantaxe sexual considérase:

- a) Incumprimento moi grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.
- b) Incumprimento grave do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.
- c) Incumprimento leve do persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma.

